

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP02	Calzado e complementos de moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0605	Procesos de elaboración de calzado á medida	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BEGOÑA ÁLVAREZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o proxecto de FP dual coas empresas, Curtidos Galaicos S.L. e Industrias Losal S.L., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no Centro Formativo.

O módulo MP0605: PROCESOS DE ELABORACIÓN DE CALZADO Á MEDIDA pertencente ao 2º CURSO DO CICLO MEDIO CMTCP02, CALZADO E COMPLEMENTOS DE MODA, toma como referencia o Real Decreto 257/2011, del 28 de febrero, polo que se establece o título de Técnico en Calzado y Complementos de Moda e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

Introdúcense as modificacións necesarias para adecuar a docencia ás características das empresas colaboradoras e ás calidades do alumnado, baseándose, a nivel curricular, para esta adecuación, no perfil profesional do título, determinado pola competencia Xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, e polas unidades de competencia do catálogo nacional de cualificacións profesionais, determinadas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional que se concretan no decreto do currículo.

COMPETENCIA XERAL DO TÍTULO:

A competencia xeral do título consiste en realizar as operacións de corte de peles e materiais para a ensamblaxe, montado e acabado, industrial e a medida, de calzado estándar, ortopédico, para espectáculo e complementos de moda.

CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS INCLUÍDAS NO MÓDULO:

Fabricación de calzado a medida e ortopédico TCP467_2 (Real Decreto 1224/2010, do 1 de outubro), que comprende as seguintes unidades de competencia:

UC1502_2. Seleccionar materias primas, produtos manufacturados, ferramentas e máquinas de fabricación de calzado a medida e ortopédico.

UC1503_2. Adaptar formas base para fabricar calzado á medida e ortopédico.

UC1504_2. Elaborar calzado á medida e ortopédico

ENTORNO PROFESIONAL DO TÍTULO:

As persoas que obteñen este título exercen a súa actividade en empresas e talleres de fabricación industrial de calzado e artigos de marroquinería, dedicadas ao preparado, corte de materiais, ensamblaxe, montado e acabado de calzado e complementos de moda. De igual modo pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á elaboración artesanal de calzado a medida, ortopédico e para o espectáculo.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

- ¿ Cortador de pel e coiro.
- ¿ Cortador de pezas para aparado e montaxe de calzado.
- ¿ Cortador de marroquinería e guantería en pel ou coiro.
- ¿ Operador de máquinas cortadoras de pezas de calzado
- ¿ Cortador a man.
- ¿ Cortador con máquina.
- ¿ Operador de máquinas de pre-ensamblado.
- ¿ Operador de máquinas de montar, aformar e outras.
- ¿ Operador de máquina de vulcanizado de pisos de calzado.
- ¿ Operador de máquinas de inxección de pisos de calzado.
- ¿ Operador de máquinas de acabado de calzado.
- ¿ Operador de máquinas para fabricar artigos de marroquinería.
- ¿ Operador de máquina industrial de coser.
- ¿ Operador de máquinas de acabado.
- ¿ Montador de calzado a máquina.
- ¿ Montador de calzado a man.



¿ Zapateiro de calzado a medida.
¿ Zapateiro ortopédico

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa		0	0
2	Tipos e características de calzado á medida e ortopédico	En esta U.D. identificaránse os diferentes tipos de calzado á medida e ortopédico, en relación co uso, público obxectivo e as súas características	10	20
3	Adaptación dos padróns base á medida e á problemática do pé	En esta U.D. realizaránse padróns ou transformaranse padróns base axustándoos ás formas adaptadas ás medidas e deformacións dos pés.	25	20
4	Materiais e equipamentos para a adaptación das formas base	En esta U.D. aprenderase a seleccionar os materiais e equipamentos para a adaptación das formas base.	9	20
5	Materiais, tipos de laminas e equipamentos. Características e propiedades para a fabricación de calzado á medida e ortopédico	En esta U.D. aprenderase a relacionar e seleccionar os diferentes materiais conforme ás esixencias do calzado á medida e ortopédico	10	20
6	Procesos de fabricación de calzado á medida e ortopédico	En esta U.D. identificaránse os procesos de fabricación de todo tipo de calzado á medida e ortopédico .	9	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Tipos e características de calzado á medida e ortopédico	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Describe tipos de calzado á medida e ortopédico en relación co confort, a estética, o uso e a calidade	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de calzado á medida e ortopédico
CA1.2 Identifícanse as características funcionais do calzado á medida e ortopédico
CA1.3 Defínense os públicos obxectivo: neno, nena, home e muller
CA1.4 Identifícanse os sistemas de numeración de calzado
CA1.5 Defínense os ámbitos de uso do calzado á medida: doméstico, deportivo, de espectáculo, urbano e técnico
CA1.6 Identifícanse as pezas de cada tipo de calzado segundo a parte anatómica sobre a que inflúan

4.2.e) Contidos

Contidos
Calzado á medida e ortopédico: clasificación e tipos; aplicacións; público obxectivo.
Características funcionais e estéticas.
Sistemas de numeración do calzado (longo e anchura).
Comodidade e seguridade.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Adaptación dos padróns base á medida e á problemática do pé.	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Adapta padróns base ás modificacións realizadas, nas formas ou nos modelos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os padróns base necesarios para a realización do modelo requirido
CA5.2 Recoñécense as variacións para realizar nos padróns base do modelo seleccionado
CA5.3 Comprobáronse as exixencias técnicas do modelo e as posibilidades de adaptación ou incorporación de novas pezas
CA5.4 Seleccionáronse as máquinas, as ferramentas e os accesorios necesarios para realizar os novos padróns
CA5.5 Realizáronse as transformacións necesarias nos padróns base, para os adaptar ás necesidades do modelo
CA5.6 Referenciáronse os novos modelos para o seu almacenamento en base de datos
CA5.7 Realizáronse padróns base para a realización do modelo requirido conforme ás medidas tomadas do pé e conforme á forma transformada

4.3.e) Contidos

Contidos
Requisitos técnicos para a adaptación dos padróns base.
Comprobación das variacións de medidas nas formas.
Variacións nos padróns por incorporación de soletas, cuñas e plataformas.
Material, máquinas, utensilios e ferramentas para a obtención de padróns.
Realización e transformación dos padróns para os adaptar aos novos requisitos dos modelos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Materiais e equipamentos para a adaptación das formas base.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona materiais e equipamentos adaptando as formas base ás propiedades e ás características de uso e manipulación	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os materiais e os elementos específicos para adaptar as formas base á fabricación de calzado á medida e ortopédico (resinas, estuco, escaiola, fibra de vidro e cortiza)
CA4.1.1 Identifícanse e describíronse os materiais e os elementos específicos para adaptar as formas base á fabricación de calzado á medida e ortopédico (resinas, estuco, escaiola, fibra de vidro e cortiza)
CA4.2 Recoñécense os requisitos técnicos dos materiais e elementos específicos para adaptar as formas á fabricación de calzado á medida e ortopédico (rixidez, resistencia e estabilidade)
CA4.2.1 Descríbense e recoñécense os requisitos técnicos dos materiais e elementos específicos para adaptar as formas á fabricación de calzado á medida e ortopédico (rixidez, resistencia e estabilidade)
CA4.3 Comprobáronse as exigencias técnicas dos materiais seleccionados para a adaptación da forma base na fabricación de calzado á medida e ortopédico
CA4.3.1 Descríbense as exigencias técnicas dos materiais seleccionados para a adaptación da forma base na fabricación de calzado á medida e ortopédico Engadir
CA4.4 Seleccionáronse as máquinas, os accesorios e as ferramentas necesarias para adaptar as formas base
CA4.5 Interpretáronse as normas de manipulación e composición dos materiais específicos
CA4.6 Tivéronse en conta os procedementos de seguridade e os elementos persoais de protección persoal, hixiene e saúde laboral
CA4.6.1 Identifícanse e contépláronse os procedementos de seguridade e os elementos persoais de protección persoal, hixiene e saúde laboral
CA4.7 Descríbense os tipos de formas e as súas características ideais para a realización de calzado á medida e ortopédico

4.4.e) Contidos

Contidos
Formas: materiais utilizados.
Requisitos técnicos dos materiais utilizados para adaptar as formas de calzado á medida e ortopédico (rixidez, resistencia e estabilidade).
Normas de manipulación e composición dos materiais seleccionados.
Máquinas, ferramentas e accesorios utilizados para adaptar as formas na fabricación de calzado á medida e ortopédico.
Procedementos de seguridade e elementos persoais de protección persoal, hixiene e saúde laboral.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Materiais, tipos de laminares e equipamentos. Características e propiedades para a fabricación de calzado á medida e ortopédico.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Relaciona os tipos de tecidos, peles, coiros e elementos complementarios coas exigencias do calzado á medida e ortopédico, diferenciándoos polas súas propiedades e características principais	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os criterios para a selección de peles, tecidos e coiros segundo as exigencias dun calzado á medida e ortopédico
CA3.2 Describiuse o comportamento de diferentes tipos de peles, tecidos e coiros en función da súa procedencia e composición
CA3.3 Diferenciouse o comportamento de diferentes tipos de peles, tecidos e coiros en función da súa procedencia e composición
CA3.4 Caracterizouse a utilización de diversos tipos de peles, tecidos e coiros segundo as zonas anatómicas que deban de cubrir
CA3.5 Relacionáronse os requisitos de moda, terapéuticos e de confort coas propiedades das peles, dos tecidos e dos coiros
CA3.6 Recoñecéronse as propiedades e as características de fomituras, compoñentes secundarios e auxiliares para o seu uso en calzado á medida e ortopédico
CA3.7 Identifícanse os materiais especiais e de conformación para a fabricación de calzado á medida e ortopédico
CA3.8 Comprobase que os materiais e os complementos seleccionados cumpran as características exixidas
CA3.8.1 Describiuse ou comprobouse que os materiais e os complementos seleccionados cumpran as características exixidas

4.5.e) Contidos

Contidos
Materiais utilizados na elaboración do calzado á medida e ortopédico.
Requisitos técnicos dos materiais que cómpre utilizar na elaboración do calzado á medida e ortopédico.
Soletas anatómicas, cuñas, alzas, elevadores, férulas, contrafortes, topes especiais, etc.: características e requisitos técnicos e sanitarios. Requisitos sanitarios para a elaboración do calzado á medida e ortopédico.
Prestacións de uso requiridas pola moda, por necesidades terapéuticas e de confort (dimensións, grosor, flexibilidade e resistencia).

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procesos de fabricación de calzado á medida e ortopédico	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Explica os procesos de fabricación de calzado á medida e ortopédico, e identifica máquinas, equipamentos, accesorios, utensilios e ferramentas	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os procesos de fabricación industrial en serie e á medida, e de calzado ortopédico
CA2.2 Diferenciouse o proceso de fabricación industrial en serie do proceso de fabricación á medida e de calzado ortopédico
CA2.3 Definíronse as operacións básicas de elaboración de calzado á medida e ortopédico
CA2.4 Identificáronse as máquinas utilizadas na fabricación de calzado á medida e ortopédico
CA2.5 Identificáronse os accesorios e os repostos das máquinas utilizadas, segundo o resultado previsto
CA2.6 Identificáronse as ferramentas e os utensilios empregados para aproveitar convenientemente os recursos e procurar o rendemento adecuado
CA2.7 Utilizáronse os manuais e as normas de uso e mantemento de máquinas, accesorios e ferramentas
CA2.8 Descríbense os sistemas de seguridade e os medios de protección persoal das máquinas e das ferramentas, segundo as normas de seguridade e saúde

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos de procesos de fabricación do calzado.
Diferenzas entre a fabricación á medida e a fabricación industrial.
Operacións básicas.
Fichas técnicas, manuais e instrucións de uso.
Fichas técnicas de calzado á medida ou ortopédico
Manuais e instrucións de uso de máquinas, accesorios e produtos.
Maquinaria, ferramentas e accesorios auxiliares necesarios para a súa elaboración, segundo os materiais empregados.
Normas de seguridade e medios de protección persoal.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exigibles son todos os Criterios de Avaliación CA presentes no currículo e todos aqueles dispostos polo docente -se os houber- que o docente considerou como MÍNIMOS EXIXIBLES para superar o módulo. Estes mínimos exigibles figuran no apartado 4c (axustar avaliación) desta mesma programación. Polo tanto, para superar o módulo é requirimento obrigatorio obter unha avaliación positiva en todos estes CA considerados mínimos exigibles. (se isto non se cumpre, poden/deben ser recuperados nas probas de recuperación).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA PARTE DESTA PROGRAMACIÓN:

O alumno será avaliado segundo o peso aplicado a cada un dos CA. Estas porcentaxes están reflectidas nesta mesma programación no apartado 4.c. e suman un 100% por Unidade didáctica (UD).

Para obter a nota de cada CA utilizaranse uns instrumentos de avaliación determinados, estes poden ser:

- PROBAS ESCRITAS
- TÁBOAS DE OBSERVACIÓN
- TÁBOAS DE COTEXO

Estas metodoloxías de avaliación pódense aplicar sobre:

- PROCESOS OU PROCEDEMENTOS DE TRABALLO NA AULA
- RESULTADOS OU PRODUTOS DE TRABALLOS REALIZADOS
- PROBAS ESCRITAS E/OU PROBAS PRÁCTICAS.

Polo tanto, cada avaliación pode constar:

- 1- DUNHA OU MÁIS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (un ou máis exames con cuestións teóricas e/ou unha ou máis probas prácticas de taller).
- 2- DUNS TRABALLOS PRÁCTICOS, (uns traballos propostos que teñen que estar rematados e entregados en prazo)
- 3- DUNHAS OBSERVACIÓNS DE PROCEDEMENTO, (unhas observacións sobre a actividade realizada na aula).

Cada traballo ou proba constará dos CA que lle correspondan. Aplicaranse os instrumentos de avaliación correspondentes en función dos ítem das táboas de indicadores para cada CA e o resultado, ponderarase ou aplicarase en función da porcentaxe que lle corresponde segundo o apartado 4c desta programación.

Proporcionaráselle aos alumnos una táboa con ditos criterios e porcentaxes para que poidan verificar as puntuacións e informaráselles dos CA impartidos por UD.

CÁLCULO DA NOTA FINAL DA AVALIACIÓN:

Esta nota será calculada coa suma de tódalas puntuacións ponderadas (resultados de aplicar cada porcentaxe) acadadas nos CA correspondentes e calculando á media aritmética das UD impartidas en cada avaliación.

Se quedase algunha UD incompleta no trimestre, os CA. Ponderaranse proporcionalmente en función da porcentaxe da UD impartida nese trimestre.

CONDICIÓN IMPORTANTE:

Se o alumno é sorprendido copiando durante a execución dunha proba, suporá un cero na nota

Se o alumno non superase algunha tarefa ou exercicios propostos, por non entregalo nas datas fixadas ou por non acadar os mínimos establecidos, terá que facer, cando o marque en consenso co profesor, ou no seu defecto no mes de xuño, a correspondente recuperación da tarefa ou exercicio trimestral non superado.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Como este módulo non ten previsto un programa formativo na empresa, todos os CA deberán estar avaliados antes de que empece o período da estadía. Polo tanto, a nota da terceira avaliación será a mesma que a da segunda avaliación.

A NOTA FINAL:

Esta será a media do peso ou porcentaxe que lle corresponde a cada unha das UD.

Tendo en conta sempre o seguinte requisito:

-Para aprobar o módulo é necesario ter superadas todas as avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non obteña unha avaliación positiva, terá oportunidade dunha segunda proba de recuperación. Sempre que as circunstancias o permitan, consensuarase unha data entre alumno ou alumnos co profesor, antes da avaliación. Se por continxencias presentadas, non se pode realizar esta recuperación antes da avaliación, realizarase no mes de xuño. neste caso alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación (se As houberse) temporalización e data na que será avaliado antes do mes de xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de dereito a avaliación continua non procede no caso da modalidade de Dual. Non se prevé que o alumnado que curse ciclos formativos na modalidade Dual, que non asista ás actividades do Ciclo, en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua. Pero se as faltas son moi numerosas e acérpanse ao 50% das horas do módulo, e ademais, o alumno non desenvolveu as tarefas, non entregou os traballos ou non realizou as probas necesarias para avaliar a materia, pode ser avaliado no mes de xuño de todos aqueles criterios de avaliación que non puideron ser cualificados.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na la ORDE de 12 de julio de 2011 na que se regulan procedementos de avaliación, no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento da Familia Profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao el de cumprimento e unha xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación será revisada ao inicio do curso e entregárase unha memoria final de curso.

No seguimento da programación teranse en conta os principais indicadores do grao do cumprimento e as conclusións do docente ante calquera continxencia ou retraso:

1. O grao de cumprimento da temporalización
2. O logro dos obxectivos programados
3. Os resultados académicos acadados

Para o seguimento mensual, utilizarase a plataforma de Programacións no seu apartado Seguimento de programación. Aquí reflectirase o grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de desviacións.

Así mesmo, nas reunións do Departamento, informarase sobre isto e farase constar na acta.

Para a memoria final, débese utilizar o modelo proporcionado pola Xefatura de Estudos ao final do curso, nesta memoria, se reflexara o grao de cumprimento expresada en porcentaxe, e unha valoración dos resultados académico obtidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécense os principios, e fins do sistema educativo, destacando entre os principios que o inspiran a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Como principio que rexe esta lei, hai que atender a cada un dos alumnos con medidas diferentes e adecuadas, atendendo á súa diversidade, co fin de axudarlles acadar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Neste caso, por ser un grupo de FP dual, integrado por adultos, aínda que non se poden descoidar estes aspectos, é previsible que sexa un grupo homoxéneo e que non sexa necesario aplicar grandes diferencias na atención a cada un deles.

Atendendo á ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e segundo recolle no seu Artigo 28 farase unha sesión de avaliación inicial ao principio do curso na que eu, como titora do grupo, informarei ao Equipo Docente das características e capacidades individuais de cada alumno e das peculiaridades do grupo. Esta información recollereina do expediente do alumno, accesible no XADE; da información que recade entre o profesorado que os coñece do primeiro curso e das actividades e do contacto que teñamos na aula os primeiros días de clase.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

COMO MEDIDAS ORDINARIAS, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICAREI AS SEGUINTE:

- Resposta individual aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Un seguimento intensivo e individualizado con cada un dos alumnos.
- Tutorías e comunicacións orientadas ao reforzo positivo

- Traballo colaborativo como metodoloxía para potenciar a inclusión respectando a diversidade.
- Programas de recuperación específicos para as materias non superadas, realizando as probas e exames necesarios para cada alumno, co fin de alcanzar o resultado positivo na adquisición das competencias.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

La Formación Profesional tiene un carácter técnico, pero no por eso se puede olvidar la educación en valores, que es tan importante como cualquier enseñanza obligatoria decretada en el currículo. Ésta es sumamente importante, por lo tanto, a lo largo de este módulo se trabajará intensamente para inculcar pautas morales que ayude a los alumnos a convertirse en ciudadanos responsables. Así pues, podemos destacar:

EDUCACIÓN PARA LA IGUALDAD:

Estará siempre presente, ya que, en ningún momento se hará diferencia entre el alumnado por causa de sexo, raza, creencias o cualquier otra característica diferenciadora. Todos por igual, desempeñarán todos los roles, incluidos los que habitualmente se asumen como masculinos en un taller de calzado (manejo de herramientas, pesos, etc.) y como femeninos (costura manual, limpieza de talleres). proponiendo el trabajo en equipo compartido entre alumnas y alumnos en todo momento.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: Es fundamental fomentar el respeto al medio ambiente y a la naturaleza; promover el o correcto empleo de los medios de que se dispone sin desperdiciar papel, tejidos, agua, electricidad, etc. Se insistirá en el reciclado y en la conservación. Se realizarán actividades de reciclaje de materiales, con el fin de educar el hiperconsumismo irresponsable, orientando hacia una economía solidaria, sostenible y circular;

EDUCACIÓN PARA LA SALUD: tanto personal como colectiva: Es importante adquirir buenos hábitos posturales en el trabajo, así como unas adecuadas prácticas de salud, limpieza e higiene, sin olvidar que hay que educarlos, para que a nivel profesional atiendan a su salud, pero también a la del semejante, como elemento cotidiano de su trabajo.

EDUCACIÓN PARA LA CONVIVENCIA:

Se procurará resolver conflictos fomentando el diálogo basado en el respeto, y, procurando encontrar soluciones de consenso de manera democrática. Por ejemplo: propuestas e ideas a la hora de fijar condiciones de entrega de trabajos, fechas de exámenes, etc. Prevención de riesgos laborales: El módulo contempla numerosos CA dirigidos a la prevención de riesgos, por lo tanto, la cultura y educación en la prevención de riesgos laborales será intensa y estará presente en el aula a lo largo del curso, además de ser expresamente evaluable.

EDUCACIÓN DEL CONSUMIDOR:

Se fomentará entre los alumnos un consumo responsable, tanto de sus propios materiales como de los del Centro (tejidos, material informático, pieles...). En la industria del calzado se trabaja con materiales caros, y que tardan en degradarse, las pieles, y las gomas de suelas son de precio elevado, por eso, se inculcará el sentido del ahorro de esos materiales.

INTERCULTURALIDAD:

Trabajando desde el principio del respeto a las distintas culturas y formas de entender el mundo; viéndolo como un enriquecimiento; señalar a este respecto, la cada vez más frecuente presencia en las aulas de alumnos de otras culturas que ayudan a interpretar que no todas las realidades son iguales.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Estas actividades están previstas para realizar durante o curso escolar sempre que se poidan levar a cabo dentro do desenvolvemento da programación, a teorización repartirase entre os dous trimestres e dependerá da dispoñibilidade orzamentaria.

Actividades complementarias:

Visita a diferentes empresas do calzado co fin de ver in situ o proceso de produción

Visita a feiras

Actividades extraescolares: (magosto, Samaín, etc.)

10. Outros apartados

10.1) Normas a seguir en caso de corentena ou peche da aula por COVID

Norma a seguir e indicacións por se houbera que realizar as clases online por mor da pandemia COVID ou calquera outra eventualidade de forza maior, ou se algún alumno se vise na obriga de gardar corentena.

Nestes casos clases serían impartidas telemáticamente a través da plataforma Cisco Webex que pon ao noso dispor a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Estas clases impartiríanse ás horas lectivas e o alumnado sería informado previamente.

Os apuntes, traballos e exames faríanse na aula virtual do IES A Pinguela, e habería unha constante comunicación entre a titora e os alumnos do mesmo xeito, no foro, a través do correo electrónico e por comunicación telefónica.